

COMANDO COMODRES



654 59 84 30 // 605 166 119
matrioshkateatro@gmail.com
matrioshkateatro.com



En escena

CHELO DO REJO
M^a ÁNGELES IGLESIAS
ANABELL GAGO

Dirección

GENA BAAMONDE



Unha produción de
Matrioshka Teatro e Artefeito Producións S.C.G.



Colaboración

Co apoio de



Xacobeo 21-22



COMANDO COMADRES

Sinopse

Espectáculo en clave de humor para público adolescente e adulto no que un grupo de artistas organizadas en diferentes comandos poñen en evidencia as múltiples manifestacións da violencia patriarcal e cuestionan a persistencia dos seus valores no pensamento hexemónico actual e na xestión dexenerativa dos recursos naturais. Os Comandos establécense como pequenas unidades de activistas preparadas para as encomendas máis perigosas: levar a cabo incursións no territorio inimigo para poñer luz sobre a inxustiza e volver airosas da misión. Son células combatentes de estratexias impredecibles e irreverentes que van creando unha rede de Comandos a nivel mundial centrada na importancia da igualdade de dereitos e deberes sociais entre ambos xéneros tanto no ámbito público coma no privado, dos cuidados dos ecosistemas sans e equilibrados, así coma dos afectos cos que crear lazos de sororidade e empatía, e coa que rendemos homenaxe a tódalas heroínas de a diario, as señoras silenciadas, perseguidas, queimadas, torturadas, aos saberes invisibilizados e á historia oculta do noso pasado.

Ficha Artística

Asistencia Movemento Escénico Andrea Quintana
Manifiesto Comando Mazá Ana Cabaleiro
Música orixinal Mónica de Nut
Deseño de vestiario Gena Baamonde
Xastrería Bety de Chimpos S.L.
Deseño espazo escénico e atrezzo Gena Baamonde
Deseño de iluminación e dirección técnica Octavio Mas
Deseño de caracterización Trini F. Silva
Fotografía Inés Salvado
Deseño cartaz Lorena Conde
Deseño gráfico Alba Aller de O Copión S.L.
Comunicación Belém Brandido
Deseño web e RRSS Terrum Social
Carpintería Ángel Otero
Gravación e edición de vídeo Tamboura Films S.L.U.

INTERPRETACIÓN
Chelo do Rejo
M^a Ángeles Iglesias
Anabell Gago
DIRECCIÓN E DRAMATURXIA
Gena Baamonde
AUTORÍA DO TEXTO ORIXINAL
Gena Baamonde,
M^a Ángeles Iglesias e
Matrioshka Teatro
(Chelo do Rejo, Lorena Conde e Anabell Gago)
PRODUCCIÓN
Matrioshka Teatro e Artefeito Producións S.C.G.
DISTRIBUCIÓN
Matrioshka Teatro



A Compañía

MATRIOSHKA TEATRO nace a lume lento, da man de 3 actrices, Anabell Gago, Chelo do Rejo e Lorena Conde, que facemos un teatro onde as intérpretes están no centro da creación. Apostamos por camiños intermedios, por linguaxes mesturadas que transitan neses lugares de intersección, de recollida e cruzamento entre o teatro máis clásico e o contemporáneo.

Creamos dramaturxias a pé de escena, sen deixar de lado unha estética coidada, o sentido do humor, e a frescura e a naturalidade dun diálogo aberto co público.

Buscamos facer un teatro que amose de onde vimos, e nos oriente cara onde vamos. Alimentámonos do legado das xeracións que foron antes ca nós. Repousamos o vivido, e tratamos de compartilo coas persoas que están e coas que virán. Somos teatro de partillar e coidar. Mulleres que abrazan, mulleres que acubillan e que fomos acubilladas por outras.



Comando Comadres



Está composta por cinco comandos de temáticas diferentes cunha duración de entre 10 e 15 minutos cada un. Poderán representarse individualmente en espazos alternativos ou en conxunto nun teatro convencional.

COMANDO MEIGAS

céntrase na demonización das mulleres que non encaixamos no modelo patriarcal.

COMANDO SIÑAS

fálanos da invisibilización das mulleres de certa idade que xa non cumprimos as expectativas reprodutivas do patriarcado.

COMANDO SACHO

afiánzase na sabedoría e na fortaleza das mulleres lonxe dos estereotipos de seres débiles ou vítimas.

COMANDO PEDAGÓXICO

expón con humor a negación, e os prexuízos para responsabilizarnos dunha educación sexual san.

COMANDO CATAPLASMA

reivindica o saber ancestral das mulleres en conexión coa terra, os ecosistemas saudables, o coñecemento e o uso das plantas e a necesidade vital das relacións e os cuidados sociais.

Agradecementos

Comando Mazá, Mulleres Transgredindo, Comando Gordix, Mujeres de Artes Tomar, Motos Marque, Ana Seoane, Manuel Cabaleiro, Fernando Campos, Tato López, Javier Vigo,...

